



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 220
11 de xullo de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.3. Normas complementarias e acordos interpretativos do Regulamento. Normas de funcionamento de comisións non permanentes

COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE PARA O SEGUIMENTO DAS POLÍTICAS RELATIVAS Á DISCAPACIDADE

■ Aprobación da normas de funcionamento da Comisión

[94373](#)

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 2200 (12/PPL-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

[94376](#)

■ 23539 (12/PPL-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia

[94376](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 28005 (12/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21722, publicada no BOPG núm. 175f1, do 19 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

[94376](#)

■ 28006 (12/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26011, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

[94377](#)



I 28007 (12/MOC-000073)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia**

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26145, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

[94377](#)**1.3.6. Proposicións non de lei****1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas****Aprobación sen modificacións****I 27778 (12/PNP-002253)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao executivo central ao respecto

[94377](#)**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 27318 (12/PNP-002206)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

[94378](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 8119 (12/PNP-000744)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

[94379](#)**I 14998 (12/PNP-001272)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

[94379](#)**I 27689 (12/PNP-002245)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

[94379](#)

I 27734 (12/PNP-002250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás

[94379](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación sen modificacións

I 26618 (12/PNC-002498)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas dirixidas a activar as políticas de captación de talento co fin de afrontar os desafíos actuais do mercado laboral

[94380](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 27295 (12/PNC-002571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

[94380](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 22894 (12/PNC-002156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición do servizo de pediatría en Cospeito nos mesmos termos previos á baixa da pediatra do centro de saúde deste concello

[94381](#)

I 26328 (12/PNC-002455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de reforzar os servizos de transporte terrestre urxente extrahospitalario na comarca do Salnés

[94381](#)

I 26925 (12/PNC-002532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatria necesario [94381](#)

I 27548 (12/PNC-002604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación co conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense [94381](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

I 28136 (12/PDC-000038)

Sobre o grao de permisividade coa utilización por parte dun axente local de Celanova dunha aeronave en situación irregular [94387](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

I 28148 - 23244 (12/PRE-006339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Castrelo do Val polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94393](#)

I 28077 - 23266 (12/PRE-006361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Riós polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94395](#)

I 28076 - 23292 (12/PRE-006387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Celanova polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94397](#)

I 28049 - 23297 (12/PRE-006390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón



Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Cerdedo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94399](#)

I 28048 - 23304 (12/PRE-006397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Sada polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94401](#)

I 28075 - 23305 (12/PRE-006398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Cervo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94403](#)

I 28074 - 23309 (12/PRE-006400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Salceda de Caselas polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94405](#)

I 28047 - 23312 (12/PRE-006402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Salvaterra de Miño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94407](#)

I 28046 - 23320 (12/PRE-006409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de San Cristovo de Cea polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94409](#)

I 28073 - 23321 (12/PRE-006410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de San Sadurniño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94411](#)

I 28110 - 23410 (12/PRE-006525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Curtis polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024 [94413](#)

I 28109 - 23411 (12/PRE-006526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Taboadela polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94415](#)**I 28108 - 23417 (12/PRE-006528)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Dozón polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94417](#)**I 28107 - 23418 (12/PRE-006529)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Teo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94419](#)**I 28106 - 23421 (12/PRE-006531)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Dumbría polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94421](#)**I 28105 - 23423 (12/PRE-006532)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Tomiño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94423](#)**I 28104 - 23425 (12/PRE-006533)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Entrimo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94425](#)**I 28000 - 23464 (12/PRE-006598)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Viana do Bolo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94427](#)**I 27999 - 23466 (12/PRE-006599)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Vigo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

[94429](#)

I 28045 - 25891 (12/PRE-007013)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre as condicións das instalacións e do persoal da residencia de maiores de Laraxe, en Cabanas, e as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir a súa mellora [94431](#)

I 28059 - 25966 (12/PRE-007025)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre o modelo pedagóxico da rede de escolas infantís A Galiña Azul e a oferta de prazas nestas escolas na comarca de Ferrol [94433](#)

I 28147 - 26285 (12/PRE-007064)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercusións para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións [94436](#)

I 28159 - 26718 (12/PRE-007109)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a situación do transporte ferroviario na comarca de Ferrol e as demandas que prevé realizar a Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar a súa modernización [94438](#)

I 28146 - 26786 (12/PRE-007119)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o obxectivo da recepción do Goberno galego e da Presidencia do Parlamento de Galicia ao representante da embaixada de Israel coincidindo coa situación actual en Palestina [94440](#)

I 28158 - 26923 (12/PRE-007131)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da situación actual na franxa de Gaza [94442](#)

I 28157 - 27391 (12/PRE-007184)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza [94444](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**1.6.13. Director xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.**

Acordo do Pleno do Parlamento, do 8 de xullo de 2025 sobre a elección de María Concepción Pombo Romero como directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A. [94386](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.3. Normas complementarias e acordos interpretativos do Regulamento. Normas de funcionamento de comisións non permanentes

COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE PARA O SEGUIMENTO DAS POLÍTICAS RELATIVAS Á DISCAPACIDADE

Aprobación da normas de funcionamento da Comisión

A Comisión non permanente de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade, na súa sesión do 10 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das normas de funcionamento da Comisión
- 21346 (12/SCNP-000004)

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2025
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Normas de funcionamento da Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade (Aprobadas o día 10.07.2025)

I. Obxecto e duración

Artigo 1

A Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade créase co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara galega que sirva de foro de estudo e debate sobre a discapacidade e para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade.

Para o seguimento das políticas de discapacidade e a elaboración de propostas, a Comisión poderá contar con persoas expertas e/ou representantes dos colectivos de discapacidade.

Artigo 2

A Comisión créase para a concreta función de estudo prevista no artigo 1 e extinguirose ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.



II. Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de goberno da Comisión e terá as seguintes atribucións:

- a) Recompilar a información e documentación necesarias para realizar a tarefa encomendada.
- b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de toda a información que sexa de interese para a elaboración do ditame.
- c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
- d) Proporlle á Comisión un plan de traballo, escoitadas as persoas portavoces dos grupos parlamentarios presentes na Comisión e unha vez remitidas por aquelas as correspondentes propostas de plan de traballo.
- e) Executar os acordos tomados pola Comisión.
- f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

III. Funcionamento

Artigo 4

A Comisión será convocada pola súa Presidencia, de acordo coa Presidencia do Parlamento, por iniciativa propia, por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte das deputadas e dos deputados da Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade.

Artigo 5

1. A Comisión e a súa Mesa entenderanse validamente constituídas cando asistan a metade máis un das deputadas e dos deputados pertencentes a estes órganos.
2. Os acordos adoptaranse por maioría aplicándose o criterio do voto ponderado.

IV. Medios de acción

Artigo 6

A Comisión poderá exercer as facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara. Estas facultades, atribuídas á Comisión no seu conxunto, poderán delegarse na súa Mesa, ao abeiro do disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.



Artigo 7

A Comisión aprobará un plan de traballo, no que figurará o calendario xeral de actividades. O calendario, mediante acordo da Mesa, poderá irse acomodando ás circunstancias derivadas dun axeitado desenvolvemento dos traballos.

V. Ditame

Artigo 8

A Comisión aprobará un proxecto de ditame que conterá as conclusións ás que chegue.

Artigo 9

Se a Comisión designa unha ponencia, esta elaborará o proxecto de ditame. O proxecto elevaráselle á Comisión para o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Artigo 10

Redactado o proxecto, a Presidencia da Comisión remitirállelo ás deputadas e aos deputados desta no prazo previsto no calendario de actividades.

Artigo 11

As deputadas e os deputados da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame dentro dos dez días hábiles seguintes á súa remisión.

Artigo 12

O proxecto do ditame coas emendas presentadas será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva por esta.

Artigo 13

Os grupos parlamentarios e as deputadas e os deputados da Comisión poderán formular votos particulares ao ditame cando discreparen do seu contido. Os votos particulares deberán presentarse á Mesa da Comisión dentro dos cinco días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 14

1. O ditame, cos votos particulares que houber, será remitido á Mesa do Parlamento, nos cinco días hábiles seguintes á súa terminación, para os efectos da súa tramitación e aprobación no Pleno, se for procedente.

2. O ditame, cos votos particulares que houber, será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



Disposición derradeira única

En todo o non previsto nestas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

O Pleno do Parlamento, na sesión do 8 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 2200 (12/PPL-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 23539 (12/PPL-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia

BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 28005 (12/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21722, publicada no BOPG núm. 175f1, do 19 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.



- 28006 (12/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26011, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 28007 (12/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26145, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 27778 (12/PNP-002253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catrore deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao executivo central ao respecto

BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada, sen modificacións, por 37 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución:

1º. Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seo do PSOE, no Goberno de España e no contorno persoal e político máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.



2º. Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando a Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º. Reclamar a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas, o que debe levar os socios do PSOE nas distintas institucións á revisión dos acordos de goberno ou de apoio político.

Así mesmo, instase á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, de xeito urxente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión, así como solicitar desde o Goberno galego ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 27318 (12/PNP-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que apoie a solicitude unánime do Parlamento de Galicia de conceder, canto antes, ao Xacobeo de 2027 a declaración como evento de excepcional interese público (EEIP), que conta xa coa aprobación da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e co visto e prace do Ministerio de Cultura. Na mesma liña, instarase o Goberno central para un maior e firme apoio económico ante o próximo “Iustro Xacobeo 2027-2032”, co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva, como os xacobeos anteriores, para o reforzo turístico da marca España e da marca Galicia.

E insta a Xunta a:

a) Deseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.

b) Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.

c) Que o acceso aos distintos eventos sexa en igualdade de condicións.»



Rexeitamento da iniciativa

- 8119 (12/PNP-000744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

BOPG nº 68, do 21.08.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 14998 (12/PNP-001272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

BOPG nº 127, do 04.12.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 27689 (12/PNP-002245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 27734 (12/PNP-002250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás

BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 25 votos a favor, 37 en contra e 9 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.3.6.2. Propositions non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Propositions tramitadas****COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 10 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 26618 (12/PNC-002498)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas dirixidas a activar as políticas de captación de talento co fin de afrontar os desafíos actuais do mercado laboral

BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 8 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á activación de toda actuación que favoreza a captación de talento co fin último de facer fronte aos desafíos do mercado laboral, buscando acadar un mercado de traballo dinámico e inclusivo e apostando polo crecemento económico intelixente.».

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 27295 (12/PNC-002571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle o aboamento da débeda contraída no que corresponde ás prestacións de asistencia sanitaria dadas polo Servizo Galego de Saúde aos internos dos centros penitenciarios situados en Galicia.

Ademais, insta o Goberno galego a iniciar todas as actuacións precisas para a integración plena do servizo sanitario penitenciario no Sergas, dando cumprimento tanto aos acordos parlamentarios



existentes ao respecto como tamén á lexislación vixente, e sempre e cando a transferencia veña acompañada dos medios humanos (cobertura de vacantes), económicos e materiais necesarios; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 22894 (12/PNC-002156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reposición do servizo de pediatría en Cospeito nos mesmos termos previos á baixa da pediatra do centro de saúde deste concello

BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 26328 (12/PNC-002455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de reforzar os servizos de transporte terrestre urxente extrahospitalario na comarca do Salnés

BOPG nº 203f1, do 28.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 26925 (12/PNC-002532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatría necesario

BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 27548 (12/PNC-002604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación co conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense

BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

- 28136 (12/PDC-000038)

Sobre o grao de permisividade coa utilización por parte dun axente local de Celanova dunha aeronave en situación irregular

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 8 de xullo de 2025, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 28148 - 23244 (12/PRE-006339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Castrelo do Val polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28077 - 23266 (12/PRE-006361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Riós polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28076 - 23292 (12/PRE-006387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Celanova polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28049 - 23297 (12/PRE-006390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Cerdedo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28048 - 23304 (12/PRE-006397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Sada polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28075 - 23305 (12/PRE-006398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Cervo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28074 - 23309 (12/PRE-006400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Salceda de Caselas polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28047 - 23312 (12/PRE-006402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Salvaterra de Miño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28046 - 23320 (12/PRE-006409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de San Cristovo de Cea polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024



- 28073 - 23321 (12/PRE-006410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de San Sadurniño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28110 - 23410 (12/PRE-006525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Curtis polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28109 - 23411 (12/PRE-006526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Taboadela polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28108 - 23417 (12/PRE-006528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Dozón polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28107 - 23418 (12/PRE-006529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Teo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28106 - 23421 (12/PRE-006531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Dumbría polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28105 - 23423 (12/PRE-006532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Tomiño polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28104 - 23425 (12/PRE-006533)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Entrimo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024



- 28000 - 23464 (12/PRE-006598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Viana do Bolo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 27999 - 23466 (12/PRE-006599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Vigo polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024

- 28045 - 25891 (12/PRE-007013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre as condicións das instalacións e do persoal da residencia de maiores de Laraxe, en Cabanas, e as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir a súa mellora

- 28059 - 25966 (12/PRE-007025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o modelo pedagóxico da rede de escolas infantís A Galiña Azul e a oferta de prazas nestas escolas na comarca de Ferrol

- 28147 - 26285 (12/PRE-007064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercusións para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións

- 28159 - 26718 (12/PRE-007109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a situación do transporte ferroviario na comarca de Ferrol e as demandas que prevé realizar a Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar a súa modernización

- 28146 - 26786 (12/PRE-007119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o obxectivo da recepción do Goberno galego e da Presidencia do Parlamento de Galicia ao representante da embaixada de Israel coincidindo coa situación actual en Palestina

- 28158 - 26923 (12/PRE-007131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da situación actual na franxa de Gaza



- 28157 - 27391 (12/PRE-007184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.13. Director xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

Acordo do Pleno do Parlamento, do 8 de xullo de 2025 sobre a elección de María Concepción Pombo Romero como directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.

O Pleno do Parlamento, na sesión do día 8 de xullo de 2025, elixiu, por maioría absoluta, a María Concepción Pombo Romero directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento



PREGUNTA DE INICIATIVA POPULAR A LA MESA DEL PARLAMENTO GALEGO

-POR QUÉ DESDE LA COMANDANCIA DE LA GUARDIA CIVIL DE OURENSE SE PERMITEN VUELOS NEGLIGENTES?

-¿EL AGENTE -SUBSECTOR DE TRAFICO- HA DELATADO
-CÓMO- CUANDO SE DENUNCIA UNA IRREGULARIDAD QUEDA EN NADA?

-¿QUÉ NIVEL DE “PAVOR” GENERA EL AGENTE DE LA POLICIA LOCAL DE CELANOVA,
CAMILO GONZALEZ REGUENGO PARA SENTIRSE -TAN ARROPADO- POR SUS
COMPAÑEROS Y SUPERIORES?

MOTIVACION:

- CONDUCCION NEGLIGERnte CON “COBERTURA LEGAL” DE AERONAVE EN SITUACION
IRREGULAR EN CON HANGAR EVENTUAL EN FINCA YEGUADA G R, POR PARTE DE LA
VALEDORA DO POBO y la FISCAL JEFE DE OURENSE EVA REGUEIRO RODRIGUEZ, al
amparo de Real Decreto 57/2002, de 18 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de
Circulación Aérea.....“.....Capítulo 3. Reglas generales..2.3.1. Protección de personas y
propiedad...2.3.1.1. Operación negligente o temeraria de aeronaves.....

HECHOS:

-SE ADJUNTA DOCUMENTO GRAFICO

-SE DENUNCIA AL AGENTE P L CELANOVA


-SE DENUNCIA AL AGENTE , SUBSECTOR TRAFICO DE
OURENSE, por “encubrimiento” del hecho y “extorsión” a mi persona.

